



SINDICATO DE  
TRABAJADORES DE LA  
ADMINISTRACIÓN DE  
JUSTICIA

SINDICATO INDEPENDIENTE E ESPECIFICO DE XUSTICIA

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA  
Rúa Madrid, 2-4, 2º piso – Fontiñas  
15781 Santiago de Compostela.-

**ASUNTO:** Solicitud de Mesas Sectoriais sobre normativa de Horario e Xornada Laboral, normativa sobre Vacacións, Permisos e Licenzas, regulación específica das quendas de Auxilios por atribución de función en Xulgado distitnto ao do seu destino, regulación das Substitucións, regulación das Comisións de Servizo e regulación específica das prolongacións de xornada.

É necesario retomar canto antes Mesas de Negociación sobre temas que estaban enriba da mesa dende fai máis de tres anos, que consideramos esenciais e siguen pendentes de negociación, e outros, como Horario e Xornada Laboral e normativa sobre Vacacións Permisos e Licenzas, que están regulados por unha normativa tan antiga que necesita unha actualización na que se inclúan tanto as pequenas modificacións realizadas co paso dos anos como instrucións desa Dirección Xeral que regulan aspectos desta materia sen que estean reflectidas no corpo da normativa nin en modificacións posteriores.

Respecto das Substitucións é necesario retomar as negociacións iniciadas e aplazadas fai anos a fin de finalizar a súa modificación e actualización íntegra, sen utilizar o instrumento de pequeñas reformas como as realizadas recentemente. Mesmo temos pendente dende fai meses modificación do requisito de levar un mínimo de seis meses continuados no posto de traballo desde o cal participan na convocatoria, consideramos necesario a eliminación tanto para o suposto de funcionarios que optan a sustitución dentro da mesma unidade como para o persoal que non cumple os seis meses por razón non atribuible a sua responsabilidade. Este requisito convertiuse nos últimos meses nun verdadeiro obstáculo no proceso de cobertura das prazas vacantes por medio do sistema de sustitución, chegando mesmo a quedar sen cubrir moitas delas por non existir candidatos que cumpran o requisito dos seis meses por motivos alleos á sua vontade. Co fin de poñer freo a ista situación é necesario retomar inmediatamente a negociación da reforma da normativa de substitucións, sen mais demoras innecesarias.

Doutra banda, consideramos urgente retomar a regulación das Comisión de Servizo, a fin de dotar a Admon. de Xustiza en Galicia dunha norma que regule a cobertura mediante este sistema de todas as prazas vacantes que son propias das comisións e que a día de hoxe estanxe cubrindo por otros sistemas. Na actualidade sóamente sácanse a cobertura mediante Comisión de Servizo as prazas de nova creación, ben sexa en xulgados novos ou en xulgados xa existentes nos que se aumente a plantilla. Con todo, as prazas vacantes que a LOPX considera susceptibles de cobertura





SINDICATO DE

TRABAJADORES DE LA

ADMINISTRACIÓN DE

JUSTICIA

SINDICATO INDEPENDIENTE E ESPECIFICO DE XUSTICIA

por este sistema teñen base en moitas mais causas e, mentres non se finalice coa negociación da regulación específica, non se dará unha resposta xusta e adecuada.

Consideramos que é unha urxencia a actualización das regulacións de Permisos, Vacacións e Licenzas así como a relativa a Horario e Xornada Laboral dado que son normativas dos anos 2009 e 2014 e o que é máis importante, son normas afectadas por reformas, tanto nacionais como autonómicas, que fan necesario acometer unha modificación da regulación autonómica específica na que se recollan todas elas más o que sexa acordado na mesa de negociación oportuna.

Consideramos necesario igualmente a convocatoria de mesa sectorial encaminada a conseguir unha regulación do mecanismo de atribucións de funcións a través do sistema de quendas para atribuir ao persoal do corpo de auxilio xudicial a atención de correo urgente, asistencia a sala de vistas e videoconferencias e a realización do servizo de garda en unidades distintas ás do seu destino. Regulación que debe primar, en canto ás retribucións, o feito de que só cobren pola atribución de funcións os integrantes da quenda que fagan de forma efectiva as funcións requeridas, e non como ata o de agora que cobran por períodos quincenais con independencia de que presten as funcións solicitadas ou non, mesmo cando intervén outro auxilio por atribución forzosa.

Igualmente é necesaria unha mesa sectorial a fin de acadar unha regulación das prolongacións de xornada, entre otros nos seguintes termos:


- Mecanismo uniforme para a concesión de prolongacións de xornada, de tal xeito que se determinen criterios homoxéneos para a súa concesión.
- Regulación da forma de control de dedicación deses esforzos extras a paliar os problemas para os que foron concedidas.
- Que se seleccione pola propia Administración, en cada órgano, o persoal interesado con criterios obxetivos, acabándose cas designacións a dedo.

Por todo o exposto, solicitamos a convocatoria urgente de Mesas Sectoriais a fin de negociación da reforma das normativas específicas relativas a **Horario e Xornada Laboral; Vacacións, Permisos e Licenzas; quendas de Auxilios por atribución de funcións en xulgado distinto ao do seu destino; modificación das Substitucións e regulación da normativa das Comisións de Servizo**.

Pontevedra, 30 a abril de 2021

Fdo. Enrique Araujo Martínez

Coordinador STAJ GALICIA



Sindicato de Trabajadores de la Administración de Justicia

